



ACLARACIÓN SOBRE A FINALIZACIÓN DAS CORENTENAS

Os contactos estreitos dun caso COVID-19 finalizarán a corentena segundo os seguintes criterios:

*** Os contactos deben gardar corentena durante 14 días contando dende o día seguinte a data da última exposición. O periodo de incubación da enfermidade é de 14 días polo que se desenvolve síntomas durante ese periodo contacte co seu médico

*** Cando se cumpran 10 días de corentena se lle fará a proba da PCR e se esta é negativa pode voltar a súa actividade habitual pero debe seguir vixiando a posible aparición de síntomas ata o decimo cuarto día. De ocorrer isto, debe illarse no domicilio e chamar rápidamente ao seu médico de cabeceira

*** Se a proba da PCR no se fai ao décimo día debe esperar corentenado a que lla fagan.

*** De calquer xeito, se cumpríu 14 días de corentena sen síntomas pode incorporarse á súa actividade.

Durante a corentena deberá permanecer no domicilio, gardando as medidas de protección oportunas para evitar posibles contaxios (máscara, distancia de seguridade, vixilancia da aparición de síntomas...) e responder as chamadas que se lle fagan dende o Centro de Seguimento de Contactos.

• Deste modo, o alumnado do 5º curso de Educación Infantil do CRA de Narón deberá realizar corentena dende o 21/10/2020 ata o 30/10/2020, sempre e cando, sexa feita unha PCR con resultado negativo o décimo día de corentena. No caso de non ter feita a PCR, a corentena deberá ter unha duración de catorce días dende o 21/10/2020, podendo incorporarse á escola o día 4/11/2020.

Ana García Herrero
Técnico Sanitario
Alertas epidemiolóxica
Xefatura Territorial de Sanidade

